



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO DE LICITACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DAS PARCELAS DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS FEIRAIS NO CONCELLO DE PADRÓN DURANTE AS FESTAS DE PASCUA NOS EXERCICIOS 2025 A 2027

Por Decreto do señor Alcalde 191/2025, do 6 de marzo, convocouse procedemento de licitación para o outorgamento das autorizacións de uso das parcelas do dominio público municipal, situadas no Campo do Souto e Paseo do Espolón e rúas próximas, para a instalación de atraccións feirais durante as festas da Pascua 2025 a 2027 e que se relacionan no Anexo I ao prego de condicións e se grafían nos planos que se unen ao mesmo como anexos II a XIII.

1. Entidade adxudicataria: Concello de Padrón.

2. Obxecto: autorizacións para a ocupación do dominio público municipal para a instalación de atraccións de tipo mecánico e eléctricas, tómbolas e xogos de azar, postos de venda de comidas e/ou bebidas, roupa complementos, bisutería, marroquinería, música, artesanía e similares, e exposición de maquinaria agrícola con motivo da celebración das festas de Pascua nos exercicios 2025 a 2027.

3. Criterios de adxudicación: oferta económica.

4. Tipo de licitación: o que figura no prego de condicións para cada unha das parcelas que se licitan.

5. Garantía: non se esixe.

6. Obtención documentación: na páxina web do Concello de Padrón www.padron.gal e na Casa do Concello situada en rúa Longa, número 27, 15900 Padrón, A Coruña, Teléfono 981810451, fax 881249391, correo electrónico correo@padron.gal.

7. Presentación de ofertas:

- Prazo:** dez (10) días naturais, contados desde a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- Documentación a presentar:** a relacionada na condición 5 do prego que regula esta licitación.
- Lugar:** Rexistro Xeral do Concello de Padrón, rúa Longa, número 27, 15900 Padrón, A Coruña.
- Horario do Rexistro Xeral:** de 9,00 a 14,00 horas de luns a venres.

8. Apertura de proposicións (oferta económica): No lugar, día e hora que se sinale no Taboleiro electrónico do Concello (<https://sede.padron.gal>), no de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo (www.padron.gal) con alomenos 24 horas de antelación.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca